



Programación Didáctica de Educación Física

I.E.S. Armando
Cotarelo Valledor

Curso 2022/2023

Taboa de contidos

1-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE DESDE A ÁREA DE E.F.....	6
Estándares.....	6
Gráficas.....	7
3.- PRINCIPIOS E OBXECTIVOS XERAIS: LOMCE.....	9
4.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DA TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO E PROCEDEMENTO E INSTRUMENTO.....	13
5- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.....	15
6- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN A UTILIZAR.....	16
7- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS, CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	17
8- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	23
9- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	24
10- PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS EN BACHARELATO.....	24
11- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.....	24
12- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	25
13- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN.....	26
14- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	29
15- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.....	30

1-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

INTRODUCCIÓN:

Neste ano 2022/2023 presentamos a programación didáctica do noso departamento coa intención de deixar posto por escrito cales serán as liñas mestras que orientarán o noso traballo diario no desenvolvemento da nosa labor docente.

Neste curso a principal novidade é a implantación dunha nova ley (LOMLOE) que afectará aos cursos de 1º ESO, 3º ESO e 1º de BACHARELATO. Nestes grupos entregarase a programación de forma dixital utilizando un programa da Xunta chamado PROENS. Polo que nesta programación só aparecerá o que faga referencia os cursos de 2º ESO e 4º ESO.

Con esta programación pretendemos marcar as directrices que nos encamiñarán á procura continuada de novas ferramentas, para tratar de axudar aos alumnos/as na consecución do paradigma que move a nosa materia , que non é outro que o de a saúde. Estamos en tempos de cambios da sociedade na que nos atopamos, isto incide de maneira notable no sistema educativo que se ten que adaptar ós novos retos. A educación Física ao formar parte do mesmo, tamén está obrigada a interpretar os mesmos e a darlle resposta cara a consecución da mellora dos hábitos saudables dos mozos e mozas que pasen polas nosas aulas.

Nesta liña, temos que denunciar a pouca carga horaria da nosa materia, xa que é evidente que adoce dun tempo suficiente para acadar os obxectivos marcados pola lexislación vixente ao igual que se afasta dos indicadores de actividade física que Organización Mundial da Saúde para a idade dos nosos mozos e mozas. Se temos en conta que moito do noso alumnado a única actividade física que fai é a das clases de Educación Física, dúas sesións de escasos 50 minutos non serán estímulo suficiente para provocar as adaptacións no organismo que necesitan nestas idades. Esta problemática é especialmente notorio nos primeiros niveis da ESO onde os alumnos están inmersos en pleno desenvolvemento puberal, con importantes picos de crecemento e cando o traballo das habilidades físicas tanto básicas como específicas parece fundamental cara ó desenvolvemento da súa riqueza motriz do futuro e da súa saúde.

Neste novo curso e coa implantación da lomloe a principal novidade é a subida da carga horaria de dúas sesións a tres sesións no 1º de bacharelato, cousa que os alumnos agradeceran, pois é nestes cursos de bacharelato onde moitos adolescentes deixan actividades deportivas por culpa da presión dos estudos nesta etapa. E en referencia a esto, debería existir Educación física en 2º bacharelato, posto que coa presión da Abau moitos rapaces e rapazas acaban tendo crisis de ansiedade, e coa nosa asignatura, aínda que sexa optativa, poderían ter algún momento de distensión ó longo do día. Tamén esperamos que este incremento de horas vaia extendéndose ó longo dos cursos da ESO.

Pero sabemos onde estamos e para suplir parcialmente estas carencias andamos á procura de concretar un programa de fomento da actividade física no ámbito escolar, como utilizar os espazos durante os recreos como aula aberta para a práctica de diferentes actividades físicas e deportivas (promocionando os recreos activos).

De cara a poder realizar a nosa función como docentes o mellor posible queremos insistir na necesidade de mellorar as nosas instalacións deportivas, transformando o patio cuberto nun pavillón para o uso e goce dos nosos alumnos. A única instalación na cal podemos facer clase os días de mal tempo é un pequeno ximnasio dunhas dimensións aproximadas de 16x16m. Se temos en conta o número de alumnos aos que lle damos clase, os obxectivos e contidos que se marcan para a nosa materia e que este ximnasio está cheo de columnas, a superficie fáísenos claramente insuficiente para garantir unha educación física de calidade o cal repercute na educación integral dos nosos alumnos.

Para finalizar insistimos,, en que é necesario á loita contra a pandemia de obesidade, (recentemente publicáronse as estatísticas a nivel do estado español, e Galicia está, lamentablemente en cabeza nos índices porcentuais de obesidade infantil.) coas enfermidades asociadas que conleva e tamén contra o sedentarismo crecente consecuencia dos cambios que o modo de vida actual ten. Aquí é onde parece que o papel da educación física é fundamental. Orientada cara a mellora da saúde en tódolos seus aspectos ao evidenciar a necesidade da práctica de unha actividade física regulada e regular cara procura de unha boa calidade de vida e de un proxecto vital saudable.

CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

O IES Armando Cotarelo Valledor comeza a funcionar no curso 1992/93, como desdobre do Instituto de F.P. Fermín Bouza Brey do que se traslada a rama administrativa-comercial e a de secretariado para este novo centro. Introdúcese tamén o 3º curso da ESO e dous grupos de 2º de BUP que non tiñan cabida nos outros centros de ensinanza media da Vila.

O alumnado da ESO procede dos colexios adscritos de Rubiáns e de Vilaxoán, aínda que tamén se acollen alumnos/as doutros centros da zona, neste ano ademáis veñen os alumnos do IES Fermín Bouzas Brey dado que este centro se ha hecho FP integrado, con lo cuál parte de su alumnado está en este centro.

O alumnado de Bacharelato provén maioritariamente do noso alumnado da ESO, aínda que cada ano tamén se incorporan alumnos/as dos outros centros de Vilagarcía ou de concellos limítrofes.

O alumnado que opta pola oferta dos ciclos formativos procede tanto do propio concello, como de concellos limítrofes e doutros máis afastados: Valga, Catoira, Caldas, Vilanova, Illa de Arousa, O Grove, Rianxo, A Estrada, etc.

Situación socio-económica e cultural do contorno

O Centro atópase situado na parroquia de Sobradelo, na periferia de Vilagarcía, a 2 km. do centro urbano, nunha zona limítrofe entre Sobradelo e Vilaxoán. As principais actividades económicas do entorno son:

- Pesca e marisqueo
- Agricultura
- Hostalería
- Conserva (actualmente en plena decadencia)
- Acuicultura (parques flotantes de mexillón e ostra, cetarias e depuradoras)
- Comercio, actividades industriais e outras

Atendendo aos resultados extraídos da última avaliación externa, o Índice Socioeconómico e Cultural (ISEC) que lle corresponde ao centro é baixo.

Algúns problemas que non podemos obviar como centro de ensino son os seguintes:

- A elevada taxa de desemprego existente na comarca, así como o escaso tecido industrial.
- A valoración negativa que existe sobre a posibilidade de acceder ao mundo laboral en condicións minimamente dignas (o que, xunto coas poucas expectativas de continuar estudos superiores, é fonte dunha gran desmotivación).
- O escaso -nalgúns casos nulo- hábito de estudo e mesmo de lectura do noso alumnado.
- Respecto da lingua, cabe dicir que o alumnado, maioritariamente, se expresa en castelán.

Este ano os profesores adscritos ao departamento de Educación Física son:

María Teresa Suárez Vila (Xefatura de departamento)

Félix Ángel García Maquieira

Fernando Ferreiro Teijeiro

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE DESDE A ÁREA DE E.F.

Entendendo como competencias os requisitos psicosociais necesarios para un bo funcionamento da sociedade, para os efectos de este decreto, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).


Como ven recollido no documento base do currículo da materia, pódese afirmar, citando literalmente ó mesmo, que “a competencia motriz, malia non estar recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento destas, nomeadamente o das competencias sociais e cívicas, de aprender a aprender, de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, de conciencia e expresións culturais, da competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía e, en menor medida, da de comunicación lingüística e da competencia dixital”.

Polo tanto podemos afirmar que o Decreto 86/2015 marca como principal finalidade para a materia de Educación Física que os alumnos alcancen a competencia motriz. Dita competencia non ven recollida como unha das competencias clave, se ben esta será fundamental na adquisición das mesmas. Como comprobaremos máis adiante non todas as competencias teñen a mesma presenza na nosa materia, se ben esta participa de todas. A continuación pasamos a detallar o perfil competencial da área de Educación Física.

Estándares

CURSO	Nº ESTÁND.	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
2º ESO	37	2	7	1	15	11	13	4
		3,7%	13,2%	1,8%	28,3%	21%	24,5%	7,5%
4º ESO	40	3	11	3	9	14	12	4
		5,3%	19,6%	5,3%	16%	25%	21,4%	7,1%

Gráficas



Como podemos observar na táboa as CAA, CSIEE e CSC son as que teñen unha maior presenza e vinculación coa nosa materia se ben, nos cursos superiores, tamén comeza a aparecer de xeito destacado a CMCCT. Con todo isto nos contribuiremos coa nosa acción docente ao desenvolvemento das competencias do seguinte xeito:

1. A competencia en comunicación lingüística

A pesares de non ter un grande peso dentro da nosa materia debemos entender a CCL coma un dos elementos fundamentais, xa que nos vai permitir entre outras cousas acceder ao coñecemento, como ferramenta de socialización e de resolución de conflitos e de desenvolvemento das capacidades afectivas en todos os eidos.

Para avaliar esta competencia centraremos no vocabulario e as estruturas lingüísticas empregadas nos distintos traballos que teñan que elaborar e expoñer ao longo dos distintos cursos como poden ser nas unidades didácticas de sendeirismo, condición física...

2. A competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Esta competencia implica, na nosa materia, a capacidade de aplicar o razoamento matemático e máis o achegamento ao mundo físico e máis a interacción responsable con el dende a acción. Esta competencia coma observamos no cadro anterior empeza a gañar en importancia no segundo ciclo da ESO e máis no Bacharelato onde o coñecemento e interpretación da fisioloxía humana se fan imprescindibles. Será nas unidades didácticas relacionadas coa condición física onde esta competencia teña maior presenza.

3. A competencia dixital

Esta competencia vaise a manifestar no uso crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación. Dende a nosa materia fomentaremos o a busca de información e a elaboración de traballos para a súa posterior exposición na aula por medio destas ferramentas.

4. Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender será fundamental na aprendizaxe permanente. Sabemos que as aprendizaxes acadadas a través do movemento son máis duradeiras que as que se acadan de xeito memorístico. Nos aproveitaremos desta característica para que os nosos alumnos vaian incrementando os seus coñecementos a partires de outros xa adquiridos, contribuíndo deste xeito á súa autonomía na aprendizaxe.

O desenvolvemento desta competencia estará presente en todo a proposta da nosa acción docente sendo máis marcada esta no primeiro ciclo. As unidades didácticas centradas na condición física e nos xogos e as actividades deportivas serán fundamentais para o seu desenvolvemento.

5. As competencias sociais e cívicas.

O desenvolvemento desta competencia implica a habilidade e a capacidade de empregar os coñecementos sobre a sociedade para elaborar respostas, tomas de decisión, interaccionar con outras persoas ou grupos conforme as normas establecidas.

As competencias sociais e cívicas están moi presentes no desenvolvemento da nosa materia xa que o cumprimento das regras e as normas, o traballo en equipo e o recoñecemento dos valores intrínsecos ao deporte serán contidos fundamentais a desenvolver polos nosos alumnos.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Dende a nosa materia colaboramos á adquisición desta competencia na medida na que emprazamos ao alumno á toma de decisión con progresiva autonomía en situacións nas que se debe superar, perseverar e ter actitude positiva.

Será esta progresiva autonomía nas distintas propostas (xogos e deportes, actividades no medio natural, desenvolvemento da condición física...) as que farán desenvolver a iniciativa do nosos alumnado.

O fomento da creatividade, da autosuperación e a interacción entre todos as persoas da aula serán aspectos a traballar e obxectivos a acadar na nosa acción docente.

7. Conciencia e expresións culturais

Apesares que no cadro non aparece reflectida a CCEC con unha grande carga, podemos afirmar que existen numerosas interaccións entre a Educación Física e esta competencia. O emprego dos recursos do corpo e os seus movementos permítenos comunicar ideas e sentimentos de xeito estético e creativo. O achegamento a distintas manifestacións deportivas, a súa transcendencia social, a valorización dos xogos e os deportes tradicionais serán tamén parte fundamental na adquisición desta competencia.

3.- PRINCIPIOS E OBXECTIVOS XERAIS: LOMCE

(Ley Orgánica para la Mejora de la Calidad Educativa)

Principios xerais

1. A educación secundaria obrigatoria ten carácter obrigatorio e gratuío, e constitúe, xunto coa educación primaria, a educación básica.
2. Na educación secundaria obrigatoria prestarase especial atención á Orientación educativa e profesional do alumnado.
3. A educación secundaria obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supor unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente

Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e Homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Concreción dos obxectivos por curso**OBXECTIVOS DE CURSO – 2º ESO**

OBXECTIVO DE CURSO – 2º ESO	COMPETENCIA CLAVE	OBXECTIVOS DE ETAPA
1.-Recoñece a importancia das actividade de quecemento xeral en beneficio propio e dos seus compañeiros.	CSC CMCCT CAA	b, g, m
2.- Valor a importancia do almuerzo como base dunha alimentación equilibrada e o efecto que esta ten sobre o noso estado de saúde.	CMCCT CSC	b, f, g, m.
3.- Desenvolver a condición física de acordo co as posibilidades persoais, dentro das marxes saudables, mostrando actitudes de autoexixencia no esforzo.	CAA CSIEE	b, f, g, m.
4.- Coñecer e experimentar métodos de traballo dirixidos á mellora e ao incremento das posibilidades de rendemento motor, dominio, control e axuste corporal así como da condición física.	CAA CSIEE	b, f, g, m.
5.- Recoñecer os efectos da actividade física sobre a frecuencia respiratoria e utilizar esta para o control da intensidade.	CMCCT CSC	b, f, g, m.
6.- Resolver situacións motoras de colaboración-oposición (baloncesto) aplicando os fundamentos técnico-tácticos atendendo aos estímulos máis relevantes.	CAA CSIEE	a, b, g, m.
7.- Resolver situacións motoras individuais (habilidades ximnásticas e bádminton) aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas das prácticas propostas.	CAA CSIEE	a, b, g, m.
8.- Recoñecer as posibilidades que ofrece o entorno natural para a práctica do sendeirismo, fomentando o emprego responsable do mesmo.	CSC	a, c, d, g, l, m, n.
9.- Coñecer e empregar as tecnoloxías da información e a comunicación na busca de información, na elaboración e na presentación de traballos.	CD CCL CAA	b, e, g, h, i, m, ñ,o.
10.- Identificar situacións de perda de consciencia e de fallo da mecánica respiratoria emitindo respostas eficaces para enfrontar o problema seguindo protocolos estandarizados.	CSIEE CSC	g, m, n.
11.- Compoñer coreografías sinxelas seguindo unha base rítmica con un soporte musical	CCEC	b, d, g, l,
12.- Participar activamente nas distintas actividades propostas, empregando a vestimenta axeitada e respectando o material usado.	CSIEE CSC	a, b, g, i, m.
13.- Amosar actitudes de respecto e tolerancia, de traballo en equipo e de deportividade na participación das actividade plantexadas con independencia das diferencias de habilidade, xénero, culturais e sociais.	CSC	a, b, c, d, g.
14.- Respetar as normas de hixiene e coidado corporal durante e despois da práctica físico-deportiva.	CSC	a, b, g, m.

OBXECTIVOS DE CURSO-4º ESO

OBXECTIVO DE CURSO – 4º ESO	COMPETENCIA CLAVE	OBXECTIVOS DE ETAPA
1.- Deseñar as fases de activación e recuperación de cada sesión tendo en conta a especificidade e intensidade do esforzo	CSC	b,g,m
2.- Adquirir pautas básicas de prevención e actuación ante accidentes na práctica deportiva.	CSC CSIEE	a, b, g, m.
3.- Elaborar un plan persoal para a mellora das capacidades físicas básicas relacionadas coa saúde.	CSC CSIEE	b, g, m.
4.- Coñecer e practicar diversos xogos tradicionais valorándoos como parte do noso patrimonio cultural e histórico.	CSC CMCCT	a, b, c, d, g, m.
5.- Participar activamente nas distintas actividades propostas, empregando a vestimenta axeitada e respectando o material empregado de forma autónoma..	CSC	a,b,c,d,g,m
6.- Compoñer e representar actividades artístico-expresivas individuais ou colectivas a un nivel básico	CCEC	b,d,g,l,m,n,ñ
7.- Valorar o estado da condición física propia en relación a si mesmo, (da súa saúde), e a dos demais; mediante táboas estandarizadas.	CMCCT	b,f,g,h,m
9.- Ser quen de planificar e organizar campionatos e eventos físico deportivos recreativos.	CSIEE	b, g, m.
10.- Amosar actitudes de respecto e tolerancia, de traballo en equipo e de deportividade na participación das actividades plantexadas con independencia das diferencias de habilidade, xénero, culturais e sociais.	CSC	a, b, c, d, g.
11.- Respetar as normas de hixiene e coidado corporal durante e despois da práctica físico-deportiva.	CSC	a, b, g, m.
12.- Analizar críticamente o aporte dos diferentes deportes no noso contorno social.	CSC CCEC	a,b,c,d,e,g,m,ñ
13.- Ser quen de resolver situacións motrices aplicando fundamentos técnicos eficaces.	CAA CSIEE	a,b,g,m
14.- Ser quen de resolver situacións motrices de colaboración-oposición tomando decisións coherentes cara a consecución dos obxectivos.	CAA CSIEE	a,b,g,m
15.- Recoñecer o impacto das actividades físicas no entorno natural e ser quen de evitalo e/ou no seu caso minimizalo	CSC CMCCT	f,g,m

4.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DA TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO E PROCEDEMENTO E INSTRUMENTO

2º ESO			
UNIDADE DIDÁCTICA		Nº SESIÓN	TEMPORALIZACIÓN
0	PRESENTACIÓN DA MATERIA	2	1º TRIMESTRE 26 sesións
1	JUEGOS COOPERATIVOS	2	
2	QUECEMENTO + ACONDICIONAMENTO FÍSICO	6	
3	ACT. RITMO Y EXPRESIÓN CORPORAL (COREOGRAFÍA CON SALTOS)	6	
4	DEPORTES COLECTIVOS (GOLPES BÁSICOS VOLEIBOL)	5	
5	JUEGOS Y DEPORTES CON IMPLEMENTO I (SALTOS DE COMBA)	5	
6	JUEGOS POPULARES Y TRADICIONALES	3	2º TRIMESTRE 23 sesións
7	DEPORTE CON IMPLEMENTO II (BADMINTON)	8	
8	ACTIVIDADES RITMO Y EXPRESIÓN CORPORAL (DANZAS DEL MUNDO)	5	
9	HÁBITOS SAUDABLES I	1	
10	DEPORTES ALTRENTATIVOS (PINFUVOTE)	6	
11	ACTIVIDADES NO MEDIO NATURAL III	1	3º TRIMESTRE 21 sesións
12	HÁBITOS SAUDABLES II	1	
13	DEPORTES ALTERNATIVOS (COLPBOL, DATCHBALL)	7	
14	DEPORTES COLECTIVOS II (INIC. BALONMANO)	6	
15	ACTIVIDADE DE RITMO E EXPRESIÓN (ACROSPORT)	7	

4º ESO			
UNIDADE DIDÁCTICA		Nº SESIÓN	TEMPORALIZACIÓN
0	PRESENTACIÓN DA MATERIA	2	1º TRIMESTRE 26 sesións
1	JUEGOS COOPERATIVOS	2	
2	CONDICIÓN FÍSICA	12	
3	VOLEIBOL	10	
4	HABILIDADES DE LUCHA	8	2º TRIMESTRE 23 sesións
5	PICKLEBALL	9	
6	DEPORTES ALTERNATIVOS	6	
7	ACROSPORT	12	3º TRIMESTRE 21 sesións
8	ORIENTACIÓN	9	

Ver Anexo 1:

TEMPORALIZACIÓN, INDICADOR DE LOGRO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DE 2º E 4º DA ESO

5- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

Neste apartado consideramos que no medio dos diferentes estilos que é posible empregar cara unha mellor do proceso educativo, deberemos de manexar unha ampla variedade dos mesmos, partindo nas fases iniciais do primeiro ciclo da ESO, onde se empregarán maiormente estilos de ensino tradicionais como o mando directo ou asignación de tarefas que partindo de un modelo de reprodución do xesto técnico ben contrastado pola experiencia poidan facilitarlle ó alumno as tarefas de aprendizaxe motor, hasta outros estilos que se irán introducindo gradualmente e que terán maior protagonismo nos cursos de final de etapa, 2º ciclo e logo no Bacharelato; serán estes mais individualizadores tendendo ó traballo por grupos e a individualización coa clara intencionalidade de deixarlle ó alumno un maior protagonismo e responsabilidade nas realización das tarefas na clase.

Procuraremos de este xeito que o alumno vaia adquirindo mais autonomía a medida que os seus parámetros de maduración biolóxica o requiran e o propio desenvolvemento da súa personalidade o aconselle.

Podemos cotexar pola experiencia que a reprodución de modelos técnicos sempre se deberá de ter en conta pola súa de eficacia probada, pero isto non é óbice para ir introducindo gradualmente outros estilos mais motivadores para o alumno, tamén avalados pola experiencia, como a asignación de tarefas e o traballo en grupos que en determinadas circunstancias compren mellor coa consecución dos obxectivos previstos.

Relacionado con este apartado convén facer referencia no mesmo que a parte conceptual da materia poderase abordar dende as diferentes concepcións que individualmente defenda cada profesor do departamento, quedando á súa elección empregar exames, traballos, cadernos ou calquera outro medio para tratar de acadar os obxectivos de cada nivel educativo.

6- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN A UTILIZAR.

Instalacións deportivas:

- Pista cuberta polideportiva de 40 X 20 equipada con dúas canastras de baloncesto. Posibilidade de colocar postes de voleibol. Ten pintada unha cancha de baloncesto, tenis e fútbol-tenis.
- Pista exterior de 40 X 20 apta para balonmán e fútbol sala equipada con dúas porterías.
- Pequeno ximnasio de 16x 12 aproximadamente. Presenta varias columnas no medio da instalación o cal dificulta a súa utilización.
- Zonas anexas verdes, gradas, escaleiras, rampas...

Material e equipamento:

- Colchoneta quitamedos.
- Colchonetas individuais.
- Trampolín Reuter.
- Bancos Suecos.
- Postes e redes de Voleibol
- Material de demarcación: Conos e “setas”
- Balóns medicinais.
- Patíns en liña.
- Dous encerados ...
- Unha mesa de ping-pong.
- Un fútbolín.
- Balóns de: Baloncesto, Balonmán, Voleibol, Fútbol sala, fútbol 11,
- Material de xogos tradicionais.
- Petos de diferentes cores.
- Sticks
- Picas
- Palas

Outros recursos didácticos:

- Materiais didácticos elaborado polo departamento de “Educación Física”.
- Emprego puntual da sala de usos múltiples ou de informática para sesións que necesiten do uso das TICs, proxectores ou diferentes soportes audiovisuais.

7- PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS, CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que mellora a calidade do ensino. Trátase dun proceso dinámico, continuo e sistemático que implica unha reflexión crítica sobre o proceso didáctico.

Esta avaliación, atendendo ao Decreto 86/2015, debe ser continua, formativa e integradora para a ESO e continua, formativa e diferenciada para o Bacharelato. Mediante a avaliación pretendemos coñecer:

O punto de partida, a evolución e as aprendizaxes dos nosos alumnos.

O proceso de ensino.

A práctica docente.

A avaliación terá lugar en diferentes momentos coma son unha avaliación inicial, da que falaremos máis adiante, unha avaliación formativa e unha avaliación final ou sumativa que darán froito á cualificación.

O profesorado avaliará aos alumnos/as tendo en conta os diferentes elementos do currículo. Os criterios de avaliación serán o elemento que permita valorar, tanto o grado de adquisición das competencias básicas como o de consecución dos distintos estándares de aprendizaxe. No apartado 4 desta programación (concreción para cada estándar da temporalización, grao mínimo e procedemento e instrumento) establecemos unha relación entre os estándares de aprendizaxe e os instrumentos que imos a empregar para avalialos. Co fin de garantir o dereito que asiste aos alumnos/as a que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, os profesores/as informarán ao alumnado do que se vai a estudar, de que e cando se vai a avaliar e de cómo se vai a cualificar.

Empregaranse como procedementos e instrumentos de avaliación:

Observación sistemática:

- Diario de clase
- Rexistro anecdótico
- Listas de control
- Escalas de calificación

Análise das producións dos alumnos:

- Portfolio (traballos feitos polos nosos alumnos tanto de xeito grupal coma individual, reflexións escritas individuais, presentacións en “power point”,...)

Probas específicas:

- Test físicos
- Probas de execución motriz
- Gravacións

Será obrigatorio traer roupa deportiva á clase de Educación Física. Incumprir este criterio, sen causa xustificada, implicará a non participación na clase o que terá asociado a imposibilidade de acadar os estándares de aprendizaxe avaliados nesa sesión. Considéranse faltas xustificadas aquelas que aparecen recollidas no protocolo para a prevención e control do absentismo escolar de Galicia.

2º ESO.

Criterios de avaliación.

Os marcados polo decreto 86/2015, de 25 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na comunidade autónoma de Galicia.

Os estándares de aprendizaxe determinarán a cualificación final do alumno cun valor distribuído en porcentaxes nos diferentes bloques de contidos:

Avaliaranse contidos relacionados co nivel de execución práctica nas diferentes sesións (condición física, deportes, expresión corporal, actividades na natureza, deportes alternativos, ...). Esta avaliación se non pode ser na aula, será a través de vídeos que enviará o alumno a través do aula virtual.

Traballos de clase que serán recollidos ou presentados na aula ou na aula virtual, no prazo que determine o profesorado. Pasado este prazo non se admitirán máis traballos agás por un motivo plenamente xustificado, e se considerarán coma non presentados.

O respecto ás normas establecidas, a atención e o interese durante a práctica, o esforzo, as transicións entre a explicación e a realización da tarefa, a utilización correcta do material, o respecto aos compañeiros, ..., segundo aparece nos estándares de aprendizaxe de cada curso.

Bloque 1: contidos comúns en educación física: 30%

Bloque 2: actividades físicas artístico-expresivas: 15%

Bloque 3: actividade física e saúde: 35%

Bloque 4: xogos e actividades deportivas: 20%

a) Criterios de redondeo: na nota de avaliación, cando o primeiro decimal sexa igual ou maior a 6, redondéase ao número enteiro superior, mentres que se o primeiro decimal é inferior a 6 redondéase ao número enteiro inferior.

b) Faltas de asistencia: cada 3 faltas de asistencia (non xustificadas mediante volante médico ou polos seus pais) obrigarán a recuperar a materia a través dun traballo dos contidos vistos na aula.

c) Baixas: a falta de exercicio por baixa médica, terá unha avaliación só teórica. Considerarase que un alumno ten aprobada a materia se obtén unha cualificación igual ou superior a 5, despois de sumar as puntuacións obtidas en cada un dos estándares de aprendizaxe avaliados en cada trimestre.

Criterios de Cualificación:

A cualificación final do alumno, será o resultado de realizar a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións.

As faltas por motivos médicos irán acompañadas do xustificante médico, xunto ao permiso paterno. Aqueles alumnos que asistan a clase e non realicen a práctica por causas diversas (exencións, enfermidades ou lesións), elaborarán unha ficha onde se inclúan os exercicios e a teoría vistos nesa sesión de traballo, ou ben un traballo especificado polo profesorado sobre o tema que se estea traballando nesa clase ou unidade didáctica. Isto será aplicable e adaptado á situación daqueles alumnos/as que presenten un certificado médico, que lles exenta da parte práctica da materia. No devandito certificado débese especificar claramente o motivo polo cal se pide a exención, total ou parcial, así como o tipo de exercicios ou actividades físicas que o médico considera aconsellable ou non a súa realización. Con estes datos médicos o departamento de Educación Física adaptará, no posible, a programación ás necesidades dos alumnos/as con problemas físicos. Recomendamos sempre dende o departamento que todos os alumnos teñan o problema que teñan, fagan a práctica dentro das súas posibilidades. En ningún caso, a exención librará ao alumno/a da asistencia á clase, presentación de traballos e exames teórico-prácticos que se realicen ao longo do curso académico. Os estándares de aprendizaxe de cada bloque de contidos, manterán o seu valor adaptando os instrumentos de avaliación.

Recuperación de bloques de contidos

Ao alumnado con algunha avaliación trimestral non superada, recibirá un plan de recuperación e realizará as actividades propostas ao longo do curso.

Esas actividades serán avaliadas e cualificadas por observación directa do profesorado.

Para presentarse a esta proba o alumnado deberá asistir co seguinte material:

- Bolígrafo e demais útiles para escribir.
- Roupa deportiva: Zapatillas deportivas, calcetíns, pantalón curto e camiseta de media manga.

De non ser así, non poderá realizar a proba polo que a súa cualificación será negativa.

Con respecto ao exame práctico, os alumnos/-as que o teñan que realizar, deberán traer OBRIGATORIAMENTE roupa e calzado deportivo.

O feito de non traer o material, implica que non se presentan ao exame práctico.

Se non poden realizar o exame práctico por razóns médicas, será IMPRESCINDIBLE a presentación dun INFORME MÉDICO que acredite a CAUSA que impida a práctica, e o alumno/-a realizará un exame teórico como única forma de avaliación.

Non será válida a presentación dunha cita médica ou un xustificante do pai/nai para non realizar o exame práctico, pois é unha proba extraordinaria.

Os exames prácticos serán execucións realizadas durante o curso. O valor dos exames será 50% teórico e 50% práctico.

A proba poderá ser teórica, práctica ou con unha parte teórica e outra práctica.

4º ESO.

Criterios de avaliación.

Os marcados polo decreto 86/2015, de 25 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na comunidade autónoma de Galicia.

Os estándares de aprendizaxe determinarán a cualificación final do alumno cun valor distribuído en porcentaxes nos diferentes bloques de contidos:

Avaliaranse contidos relacionados co nivel de execución práctica nas diferentes sesións (condición física, deportes, expresión corporal, actividades na natureza, deportes alternativos,). Esta avaliación se non pode ser na aula, será a través de vídeos que enviará o alumno a través do aula virtual.

Traballos de clase que serán recollidos ou presentados na aula ou na aula virtual, no prazo que determine o profesorado. Pasado este prazo non se admitirán máis traballos agás por un motivo plenamente xustificado, e se considerarán coma non presentados.

O respecto ás normas establecidas, a atención e o interese durante a práctica, o esforzo, as transicións entre a explicación e a realización da tarefa, a utilización correcta do material, o respecto aos compañeiros, ..., segundo aparece nos estándares de aprendizaxe de cada curso.

Bloque 1: contidos comúns en educación física: 25%

Bloque 2: actividades físicas artístico-expresivas: 15%

Bloque 3: actividade física e saúde: 35%

Bloque 4: xogos e actividades deportivas: 25%

- a) Criterios de redondeo: na nota de avaliación, cando o primeiro decimal sexa igual ou maior a 6, redondéase ao número enteiro superior, mentres que se o primeiro decimal é inferior a 6 redondéase ao número enteiro inferior.
- b) Faltas de asistencia: cada 3 faltas de asistencia (non xustificadas mediante volante médico ou polos seus pais) obrigarán a recuperar a materia a través dun traballo dos contidos vistos na aula.
- c) Baixas: a falta de exercicio por baixa médica, terá unha avaliación só teórica. Considerarase que un alumno ten aprobada a materia se obtén unha cualificación igual ou superior a 5, despois de sumar as puntuacións obtidas en cada un dos estándares de aprendizaxe avaliados en cada trimestre.

Criterios de Cualificación:

A cualificación final do alumno, será o resultado de realizar a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións.

As faltas por motivos médicos irán acompañadas do xustificante médico, xunto ao permiso paterno. Aqueles alumnos que asistan a clase e non realicen a práctica por causas diversas (exencións, enfermidades ou lesións), elaborarán unha ficha onde se inclúan os exercicios e a teoría vistos nesa sesión de traballo, ou ben un traballo especificado polo profesorado sobre o tema que se estea traballando nesa clase ou unidade didáctica. Isto será aplicable e adaptado á situación daqueles alumnos/as que presenten un certificado médico, que lles exenta da parte práctica da materia. No devandito certificado débese especificar claramente o motivo polo cal se pide a exención, total ou parcial, así como o tipo de exercicios ou actividades físicas que o médico considera aconsellable ou non a súa realización. Con estes datos médicos o departamento de Educación Física adaptará, no posible, a programación ás necesidades dos alumnos/as con problemas físicos. Recomendamos sempre dende o departamento que todos os alumnos teñan o problema que teñan, fagan a práctica dentro das súas posibilidades. En ningún caso, a exención librará ao alumno/a da asistencia á clase, presentación de traballos e exames teórico-prácticos que se realicen ao longo do curso académico. Os estándares de aprendizaxe de cada bloque de contidos, manterán o seu valor adaptando os instrumentos de avaliación.

Recuperación de bloques de contidos

Ao alumnado con algunha avaliación trimestral non superada, recibirá un plan de recuperación e realizará as actividades propostas ao longo do curso.

Esas actividades serán avaliadas e cualificadas por observación directa do profesorado. Para presentarse a esta proba o alumnado deberá asistir co seguinte material:

- Bolígrafo e demais útiles para escribir.
- Roupa deportiva: Zapatillas deportivas, calcetíns, pantalón curto e camiseta de media manga.

De non ser así, non poderá realizar a proba polo que a súa cualificación será negativa.

Con respecto ao exame práctico, os alumnos/-as que o teñan que realizar, deberán traer **OBRIGATORIAMENTE** roupa e calzado deportivo.

O feito de non traer o material, implica que non se presentan ao exame práctico.

Se non poden realizar o exame práctico por razóns médicas, será **IMPRESINDIBLE** a presentación dun **INFORME MÉDICO** que acredite a **CAUSA** que impida a práctica, e o alumno/-a realizará un exame teórico como única forma de avaliación.

Non será válida a presentación dunha cita médica ou un xustificante do pai/nai para non realizar o exame práctico, pois é unha proba extraordinaria.

Os exames prácticos serán execucións realizadas durante o curso. O valor dos exames será 50% teórico e 50% práctico.

A proba poderá ser teórica, práctica ou con unha parte teórica e outra práctica.

8- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación do proceso do ensino e da práctica docente levarase a cabo en distintos momentos, así teremos:

No día a día: Na nosa práctica diaria analizaremos se acadamos os obxectivos marcados nas nosas sesións. Se estes obxectivos non son acadados por a maior parte do noso alumnado será o momento de buscar as causas para reorientar a nosa labor. Todo isto será reflectido no diario do profesor.

Mensualmente: Revisións de control do cumprimento da programación, asegurar que os instrumentos de avaliación son os axeitados, son coñecidos polo alumnado na súa estrutura e tipoloxía e que seu contido concorda ao 100% coa materia a avaliar, Reclamar das familias as intervencións precisas para mellorar a situación do alumno/a que o necesite, ...

Ao finalizar o trimestre: Para esta análise centrarémonos en dous aspectos.

- Cumpriuse a temporalización.
- Acadamos un mínimo dun 70% de aprobados en todos os niveis.

Ao finalizar o curso (en xuño): Ao longo da derradeira semana de clase todos os nosos alumnos cubrirán unha enquisa, a cal será anónima, valorando de 0 a 4 distintos aspectos tanto relacionados coa nosa práctica docente coma co seu traballo . Estes serán:

O profesor/a é puntual e cumpridor/a co tempo das clases?	O profesor/a informa dos criterios de avaliación e é xusto/a á hora de aplicalos?	O profesor/a organiza e prepara as clases utilizando os materiais mais axeitados para facilitar o aprendizaxe?	Considero que nas clases deste profesor/a hai un bo ambiente docente?	Valora de 0 a 4 o teu traballo (como alumno/a) e o que consideras que aprendiches nesta materia durante o curso.
---	---	--	---	--

Nesta mesma enquisa haberá un apartado para observacións ou comentarios persoais onde o alumno poda reflectir calquera cousa a maiores que el crea de relevancia.

9- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Os alumnos coa materia pendente terán reunións periódicas coa xefa do departamento e seguimento teórico e práctico a través de fichas que lles entregará o seminario para que poidan ó longo do curso adquirir os coñecementos teóricos da materia que non acadaron no curso anterior e o seguimento da evolución na práctica correrá a cargo do profesor que lle corresponda ese ano na clase.

Os alumnos que presenten os traballos de recuperación ao departamento e superen as probas físicas do curso no que se atopan, superarán a materia sen necesidade de presentarse ó exame de recuperación, aqueles que non recuperen ó longo do curso a materia, deberán realizar e superar o exame teórico e práctico que se realizará no mes de maio.

10- PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS EN BACHARELATO

No caso da materia de educación física non procede telos previstos por tratarse dunha materia que se imparte nun só curso (primeiro).

11- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Cada novo curso unha parte dos alumnos/as correspondentes a cada profesor/a renóvase, xurdindo a necesidade de establecer o nivel de coñecementos que posúen e que vai operar como punto de partida no proceso e ensinanza-aprendizaxe do presente curso.

Cabe falar dun nivel grupal que viría a ser un nivel promedio estándar, e tamén dos niveis individuais propios de cada un dos alumnos/as en particular.

As ferramentas empregadas para establecer a avaliación inicial serán:

Análise do expediente académico previo.

Observación e análise do traballo na aula.

Proposta de traballo específico puntual de contraste de xeito ben oral, ben escrito.

Abrir un breve período de observación (de 3 a 5 días) presumindo un nivel ideal e a vista dos resultados chegar a conclusións ao respecto.

Someter aos alumnos/as a una proba obxectiva física ou escrita formal.

Tendo en consideración os resultados que proporcionen os anteditos medios procederíase á toma de decisións (todos estes acordos tomaranse na sesión de avaliación inicial que se programa dende a dirección ao comezo de cada curso escolar):

Os alumnos/as con nivel baixo a media serían sometidos a un programa específico de repaso ou reforzo temporal e breve.

Inicio de repaso selectivo da materia do curso anterior durante una semana.

Medidas de reforzo mais permanentes.

12- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Actividades de ampliación e reforzo

Partimos da premisa de que en toda clase de hai alumnos/as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe, e tamén con diversos graos de motivación. Xa que logo, marcámonos como obxectivo que todo o alumnado participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e teñan o éxito que lle corresponda á súa capacidade e interese.

A diversidade de exercicios e actividades utilizados fai posible que todos os alumnos/as atopen algún que se adapte ao seu estilo de aprendizaxe. Por exemplo, os enfoques indutivo e dedutivo que se adoptan para o estudo proporcionan formas diferentes de acceder a un mesmo coñecemento, e, segundo o seu estilo individual de aprendizaxe, os alumnos/as beneficiaríanse dun ou doutro enfoque.

En canto ós ritmos de aprendizaxe, o deseño de actividades diferenciadas permite que o alumnado que o necesite dispoña de actividades de ampliación ou de reforzo.

O profesor/a proporcionará actividades de ampliación para alumnos/as que rematan antes o seu traballo e fomentará a elaboración de proxectos.

En moitos casos, os alumnos/as teñen problemas porque non dominan as técnicas de estudo, polo tanto traballarase a aprendizaxe destas técnicas ao longo do proceso formativo.

A atención a diversidade nesta área, farase de xeito continuo nos casos nos que non precisen dunha adaptación curricular, adaptando os exercicios e as progresións de aprendizaxe cara as

características dos diferentes alumnos. Tendo en conta para elo os diferentes necesidades de cada un dos alumnos fronte ó numero de repeticións e a intensidade dos diferentes exercicios cando fose necesario.

Alumnos lesionados

Os alumnos que presenten unha “indisposición transitoria”, tres sesións ou menos, deberán entregarlle ao profesor un escrito dos seus pais ou titores legais onde se xustifique a indisposición. En función de cal sexa dita indisposición o profesor orientará o traballo a realizar en dita sesión.

No caso de alumnos que presenten unha lesión de longa duración , será necesario presentar un informe médico que acredite a mesma, para coñecer a previsión de duración da mesma e os exercicios apropiados ou que se aconsellen para colaborar na rehabilitación da mesma. Si o tempo previsto fose superior ós seis meses haberá de presentalo dito certificado por secretaría e con rexistro de entrada.

En función do citado informe programaranse as adaptacións curriculares e actividades que se consideren necesarias e a avaliación farase en función das mesmas.

13- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN.

1.- Programación da educación en valores

O carácter transversal que a educación en valores ten, implica a súa inclusión en todos os momentos do proceso educativo. Debemos aproveitar o traballo da comunidade educativa para fomentar a tolerancia e o respecto, tanto ás persoas como ás súas ideas e á súa forma de vida.

Igualmente debemos dar a coñecer as N.O.F. e aplicarlas con flexibilidade , insistindo en que o traballo colectivo e a colaboración non está en contradición coa organización xerarquizada do centro e do traballo na aula.

Os temas transversais tratados en cada unidade desta programación inclúen aspectos relacionados coa educación en valores.

Fálase de cotío da perda de valores que está a padecer a sociedade actual, ao menos no noso contorno, inda que esta afirmación é discutible, non deixa de ser menos certo que na práctica de actividades deportivas estamos fartos de escoitar verbas como: “inimigo”, “derrota”, “destrución”, “guerra”, “bombardeo”, “masacre”, “ataque”, “explosión”, que forman parte de unha linguaxe de tendencia belixerante propia das formulacións competitivas que son a esencia de estas actividades deportivas.

Polo tanto non cabe a menor dúbida de que desde o ámbito da Educación Física podemos, por unha banda amosar unha actitude contraria a estes as formulacións excesivamente competitivos e o seu corolario de maldades, e de outra a contribuír ó desenvolvemento de aqueles valores tradicionais

que nós consideramos que van implícitos na práctica de actividades físicas, tanto a nivel individual como en grupo, tales como compañeirismo, participación, cooperación, respecto ás normas, superación, traballo físico, esforzo ... todas elas de gran utilidade para a inclusión nun contexto social cívico e solidario.

2.- Accións de contribución ó proxecto lector

Nas sesións de aula realizaranse lecturas en voz alta dos textos contidos nos libros do estudante, procedendo despois a realizar actividades de comprensión de diversa índole.

Realización de traballos de investigación e documentais sobre distintos temas transversais, que lles obrigan a extraer información despois da lectura de textos máis extensos. Ás veces expoñendo estes traballos nas aulas.

É decisivo para nós traballar a lectura de maneira non impositiva senón lúcida, lúdica e creativa. O pracer dese proceso pode ser importante para acadar os obxectivos desexados.

3.- Accións de contribución ó plan TIC

A materia de “EDUCACIÓN FÍSICA” non ten como fin principal a consecución de habilidades nas TIC’s, senón desenvolver no alumnado as competencias clave.

As TIC’s son, deste modo, un medio para conseguir unha serie de obxectivos entre os que se atopa a competencia “Educación Física”; polo tanto as tecnoloxías da información e da comunicación incorpóranse a práctica docente como ferramentas de comunicación e aprendizaxe para que o alumno adquira as destrezas que lle permitan ser protagonista do seu proceso de aprendizaxe e non un mero receptor de información. Debe, así mesmo, desenvolver actitudes de interese, respecto e aceptación de realidades culturais diferentes, concibindo as TIC’s como unha gran fiestra aberta ao mundo.

No centro contamos con diversas aulas de informática onde o estudante e o profesor/a aproveitarán os distintos recursos que ofrece Internet, pero non só como unha vía máis de información senón tamén de ampliación e actualización de coñecementos.

Con esta ferramenta trataremos de utilizar unha metodoloxía activa, é dicir, aprender facendo.

Hai que destacar que no noso centro hai catro aulas ABALAR para os grupos de 1º e 2º da ESO, pero para o resto dos grupos, as aulas de informática só están dispoñibles cando non se imparten as materias específicas de informática, sendo un número de horas moi reducido e a disposición do resto das materias.

As actividades que se propoñen inicialmente para o presente curso, sen prexuízo de que poidan incorporarse outras novas, centraranse na busca dirixida a través da rede de páxinas que teñan que ver coa materia.

4.- Accións de contribución ó proxecto de convivencia

O plan de convivencia debería contemplar e desenvolver todos os aspectos normativizados nas N.O.F.C.

Serán importantes, entre outros aspectos:

Xerar un ambiente escolar rico, libre, estimulante e de colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.

Integrar a todos os membros da comunidade educativa , dando unha recepción cordial e empática aos novos membros.

Ademais da información das normas correctas de comportamento e respecto, informar aos alumnos dos mínimos esixibles e dos criterios de cualificación.

Intentar reflexionar colectivamente sobre os problemas posibles ou suscitados, estimulando a comunicación entre os membros da comunidade, intentando sempre chegar a consensos razoables e suxeitos a norma.

Crear un clima de respecto e colaboración á hora de facer traballo individual ou en equipo, así como de respecto e coidado do material colectivo e do mobiliario.

Intentar detectar canto antes procesos de acoso na aula, xa sexa este de forma ostentosa (con violencia ou insulto) ou ben de xeito máis sutil que teñen como orixe a pertenza a unha minoría étnica, ou relixiosa ou ben causado por eivas de orixe físico, diferenzas motoras ou psíquicas.

Combater e sancionar todo tipo de comportamento violento, lesivo e discriminatorio para co alumnado e o profesorado.

Aplicar as sancións pertinentes e establecidas por norma e protocolo cando proceda.

Pasar ao XADE as faltas de asistencia diariamente.

Manter información e comunicación constante entre o profesor/a e o titor/a. Informar de inmediato ao titor e facer chegar ás familias todo tipo de incidencias pertinentes en canto a rendemento, comportamento, actitude, etc.

Manter informadas ás familias e recabar delas información en casos puntuais.

Falar co Departamento de Orientación sempre que proceda.

Tal vez haxa poucos lugares mais adecuados para traballar aspectos de convivencia entre os nosos alumnos como a aula de Ed. Física.

Polas características propias da nosa materia, e a súa grande diversidade, estamos ante un espazo idóneo para traballar aspectos de convivencia, destacando entre os diferentes contidos aqueles como as actividades con soporte musical, como as danzas grupais, os xogos cooperativos, como o

acrosport, os xogos en grupo, tamén podemos engadir os deportes, as actividades no medio natural, como o sendeirismo ou a semana branca, de facerse.

Tal vez non sexa necesario engadir mais pois dende hai moito tempo son aspectos que se traballan con asiduidade na nosa materia de estudio.

14- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Este é un dos ámbitos mais importantes cara os rapaces na nosa área xa que é un momento que fixa claramente un tipo de condutas sociais de relación e condutas individuais de saúde fronte a problemas que reflicten hoxe en día os adolescentes en relación co consumo de tabaco, alcohol e outras drogas.

As actividades extraescolares que se deseñen deberan ter un carácter estable, motivando os rapaces e rapazas cara a participación e o aprendizaxe, consideramos que a participación non debe ser soamente interna referida os alumnos e alumnas do noso centro, senón que deben participar en actividades con outros centros.

Como actividades complementarias para todos os cursos propoñemos :

- Recreos activos, con torneos de fútbol, baloncesto, tenis de mesa e fútbolín.
- Participación en Panos Brancos para 1º e 2º ESO.
- Posibilidade de realizar algunha saída de sendeirismo o algún deporte nautico : surf, kaiak...
- Semana Branca para o curso de 4º ESO.
- Posibilidade de facer un tramo do camiño de Santiago co curso 3º ESO.

15- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

En relación cos resultados académicos e procesos de mellora, no sempre complexo apartado da avaliación do proceso de ensinanza non debemos de esquecer de concretar esta avaliación no eido da programación, para aproximarnos a conseguilo suxerimos trala reunión do seminario de Ed. Física os seguintes puntos:

1. Revisión da programación a nivel individual por cada profesor do departamento de Ed. Física con informe individualizado por curso e grupo.
 - a. Indicador de logro: Número de grupos con resultado positivo por riba do 75 % do alumnado
2. Posta en común en reunións trimestrais de departamento cara a revisión da consecución dos obxectivos propostos ó inicio dos mesmos e valoración do resultado do alumnado en contidos progresivos ao longo de varios cursos:
 - a. Indicador de logro: Valoración media por riba de 6 do nivel de execución de contidos como bádminton, habilidades, expresión e ritmo...
3. Enquisa para coñecer o grado de aceptación dos contidos por parte do alumnado.
 - a. Indicador de logro: Non obter valoración por debaixo de 5 en ningún dos aspectos que valore o alumnado nas enquisas finais.
4. Validación externa por parte da inspección sempre pendente do cumprimento das normas.
5. Cubrir táboa de logro de consecución dos obxectivos propostos.

TRIMESTRE			INDICADORES DE LOGRO	SI	NON	PROPOSTAS DE MELLORA
1º	2º	3º				
X	X	X	O porcentaxe de aprobados nalgunha proba ou contido están por baixo do 70%			
X	X	X	A temporalización das U.DS. foi axeitada			
X	X	X	Eliminouse algún contido dos previstos			
X	X	X	Engadiuse algún contido non previsto			
X	X	X	As instalacións e os recursos materiais e didácticos foron suficientes			
X		X	Os alumnos e as súas familias foron informados e comprenderon o proceso de avaliación.			
X			A avaliación inicial cumpre co seu fin			
		X	Existen diferenzas nos resultados por razón de xénero			
		X	O peso das ferramentas empregadas foi o axeitado			
		X	A axuda recibida polos alumnos coa materia pendente obtivo resultados positivos			
		X	As actividades extraescolares e complementarias cumpriron cos obxectivos			

ANEXO 1

TEMPORALIZACIÓN, INDICADOR DE LOGRO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE							
2º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA							
CRITERIO AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	INDICADOR DE LOGRO	T1	T2	T3	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	CC
B1.1.	▪ EFB1.1.1. Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.	Recoñecer a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.	X	X	X	PORFOLIO	▪ CSC ▪ CMCCT
	▪ EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar.	Preparar e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar.	X	X	X	PROBAS DE EXECUCIÓN MOTRIZ	▪ CSC ▪ CAA
	▪ EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente.	Preparar e por en práctica actividades para a melloras dificultades, baixo a dirección do/da docente.	X	X	X	PROBAS DE EXECUCIÓN MOTRIZ	▪ CSC
B1.2.	▪ EFB1.2.1. Aмосa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.	Amosar tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.	X	X	X	LISTA DE CONTROL	▪ CSC
	▪ EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	Colaborar nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	X	X	X	REXISTRO ANECDOTARIO LISTA DE CONTROL	▪ CSC
	▪ EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza.	Respectar ás demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza.	X	X	X	REXISTRO ANECDOTARIO LISTA DE CONTROL	▪ CSC
	▪ EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece o contorno para a realización de actividades físico-deportivas axeitadas a súa	Coñecer as posibilidades que ofrece o contorno para a realización de actividades físico-deportivas	X	X	X	PORFOLIO	▪ CSC

	idade.	axeita-das a súa idade.					
B1.3.	▪ EFB1.3.2. Respecta o contorno e valóralo como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.	Respectar o contorno e valóralo como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.	X	X	X	LISTA DE CONTROL	▪ CSC
	▪ EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.	Analizar criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.	X	X	X	LISTAS DE CONTROL	▪ CSC
B1.4.	▪ EFB1.4.1. Identifica as características das	Identifica as características das actividades físico-	X	X	X	LISTAS DE CONTROL	▪ CSIEE

TEMPORALIZACIÓN, INDICADOR DE LOGRO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE							
2º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA							
CRITERIO AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	INDICADOR DE LOGRO	T1	T2	T3	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	CC
	actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas.	deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas.					▪ CSC
	▪ EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno.	Describir e por en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno.	X	X	X	LISTAS DE CONTROL	▪ CSIEE
	▪ EFB1.4.3. Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable.	Adoptar as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable.	X	X	X	LISTAS DE CONTROL	▪ CSIEE
B1.5.	▪ EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.	X	X	X	PORFOLIO	▪ CD ▪ CCL

	información salientable.						
	▪ EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	Expór e defender traballos elaborados sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos	X	X	X	PORFOLIO	▪ CAA ▪ CCL
	▪ EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais básicas, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade.	Utilizar técnicas corporais básicas, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade.	X	X	X	PROBAS DE EXECUCIÓN	▪ CCEC
	▪ EFB2.1.2. Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado de baixa dificultade.	Crear e por en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado de baixa dificultade.				MOTRIZ	
B2.1.	▪ EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas sinxelas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	Colaborar no deseño e na realización de bailes e danzas sinxelas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	X	X	X	PROBAS DE EXECUCIÓN	▪ CCEC
					X	MOTRIZ	
CRITERIO AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	INDICADOR DE LOGRO	T1	T2	T3	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	CC
	▪ EFB2.1.4. Realiza improvisacións de xeito individual como medio de comunicación espontánea.	Realizar improvisacións de xeito individual como medio de comunicación espontánea.	X	X	X	PROBAS DE EXECUCIÓN MOTRIZ	▪ CCEC

B3.1	▪ EFB3.1.1. Analiza de xeito básico a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo.	Analiza de xeito básico a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas	X	X	X	LISTA DE CONTROL	▪ CMCCT
	▪ EFB3.1.2. Relaciona diferentes tipos de actividade física e alimentación co seu impacto na súa saúde.	Relacionar diferentes tipos de actividade física e alimentación co seu impacto na súa saúde	X	X	X	LISTA DE CONTROL	▪ CMCCT
	▪ EFB3.1.3. Relaciona as adaptacións orgánicas principais coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e as contraindicacións da práctica deportiva.	Relacionar as adaptacións orgánicas principais coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e as contraindicacións da práctica deportiva.	X	X	X	LISTAS DE CONTROL	▪ CMCCT
	▪ EFB3.1.4. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora dos principais factores da condición física.	Adaptar a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora dos principais factores da condición física.	X	X	X	TEST FÍSICOS	▪ CMCCT
	▪ EFB3.1.5. Aplica con axuda procedementos para autoavaliar os factores da condición física.	Aplicar con axuda procedementos para autoavaliar os factores da condición física.	X	X	X	TEST FÍSICOS	▪ CMCCT
	▪ EFB3.1.6. Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde.	Identificar as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde.	X	X	X	PORFOLIO	▪ CMCCT ▪ CSC
B3.2.	▪ EFB3.2.1. Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.	Participar activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.	X	X	X	LISTA DE CONTROL	▪ CAA
	▪ EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas	Alcanzar niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades	X	X	X	TEST FÍSICOS	▪ CAA

TEMPORALIZACIÓN, INDICADOR DE LOGRO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

2º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA							
CRITERIO AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	INDICADOR DE LOGRO	T1	T2	T3	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	CC
	posibilidades.						
	▪ EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.	Aplicar os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.	X	X	X	TEST FÍSICOS	▪ CAA ▪ CSIEE
	▪ EFB3.2.4. Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física saudable, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida.	Analizar a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física saudable, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida.	X	X	X	PORFOLIO	▪ CAA
B4.1.	▪ EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas.	Aplicar os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas.	X	X	X	PROBAS DE EXECUCIÓN MOTRIZ	▪ CAA ▪ CSIEE
	▪ EFB4.1.2. Autoavalía a súa execución de xeito básico con respecto ao modelo técnico formulado.	Autoavalíar a súa execución de xeito básico con respecto ao modelo técnico formulado	X	X	X	PROBAS DE EXECUCIÓN MOTRIZ	▪ CAA ▪ CSIEE
	▪ EFB4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados.	Describir a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados.	X	X	X	PORFOLIO	▪ CAA ▪ CSIEE
	▪ EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación.	Mellorar o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación.	X	X	X	PROBAS DE EXECUCIÓN MOTRIZ	▪ CAA ▪ CSIEE
	▪ EFB4.1.5. Explica e pon en práctica técnicas de progresión nos contornos non estables e técnicas básicas de orientación, regulando o esforzo en función das súas posibilidades.	Explicar e por en práctica técnicas de progresión nos contornos non estables e técnicas básicas de orientación, regulando o esforzo en función das súas posibilidades.	X	X	X	DIARIO ANECDOTARIO LISTA DE CONTROL	▪ CAA ▪ CSIEE
B4.2.	▪ EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición	Adaptar os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.	X	X	X	PROBAS DE EXECUCIÓN MOTRIZ	▪ CAA ▪ CSIEE

	facilitadas.						
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.2. Describe simplificada e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas. 	<p>Descibir simplificada e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.</p>	X	X	X	PORFOLIO PROBAS DE EXECUCIÓN MOTRIZ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración-oposición facilitadas, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción. 	<p>Discriminar os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración-oposición facilitadas, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.</p>	X	X	X	PROBAS DE EXECUCIÓN MOTRIZ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.4. Reflexiona sobre as situacións facilitadas resoltas valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares. 	<p>Reflexionar sobre as situacións facilitadas resoltas valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares.</p>	X	X	X	PORFOLIO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE

TEMPORALIZACIÓN, INDICADOR DE LOGRO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

4º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA							
CRITERIO AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	INDICADOR DE LOGRO	T1	T2	T3	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	CC
B1.1.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.1. Analiza a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma. 	<p>Coñece as partes e as características do quecemento e da volta a calma.</p>	X			EXAME TEÓRICO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.2. Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal. 	<p>Elabora exercicios axeitados para o quecemento e a volta a calma.</p>	X			EXAME TEÓRICO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.3. Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz. 	<p>Realiza quecementos e voltas a calma de xeito autónomo.</p>	X	X	X	LISTA DE CONTROL	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.1. Asume as funcións encomendadas na organización de 	<p>Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais.</p>			X	REXISTRO ANECDOTARIO ESCALAS DE VALORACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

B1.2.	actividades grupais.						
	▪ EFB1.2.2. Verifica que a súa colaboración na planificación e posta en práctica de actividades grupais fose coordinada coas accións do resto das persoas implicadas.	Colabora e se coordina cos compañeiros nas actividades grupais			X	REXISTRO ANECDOTARIO ESCALAS DE VALORACIÓN	▪ CSC
	▪ EFB1.2.3. Presenta propostas creativas de utilización de materiais e de planificación para utilizalos na súa práctica de maneira autónoma.	Propón unha coreografía de acrosport orixinal e creativa			X	PROBA DE EXECUCIÓN MOTRIZ	▪ CSC
B1.3.	▪ EFB1.3.1. Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas.	Valora a intervención dos compañeiros e respéctaos con independencia do seu nivel de destreza.	X	X	X	REXISTRO ANECDOTARIO ESCALAS DE VALORACIÓN	▪ CSC
	▪ EFB1.3.2. Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas.	Valora e respecta as distintas actividades propostas así como as achegas feitas por cada quen.	X	X	X	REXISTRO ANECDOTARIO ESCALAS DE VALORACIÓN	▪ CSC ▪ CCEC
	▪ EFB1.3.3. Mantén unha actitude crítica cos	Non tolera comportamentos antideportivos	X	X	X	REXISTRO ANECDOTARIO ESCALAS DE VALORACIÓN	▪ CSC

TEMPORALIZACIÓN, INDICADOR DE LOGRO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

4º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA							
CRITERIO AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	INDICADOR DE LOGRO	T1	T2	T3	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	CC
	comportamentos antideportivos, tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.						
B1.4.	▪ EFB1.4.1. Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica.	Usa correctamente o material e as instalacións empregadas na práctica	X	X	X	REXISTRO ANECDOTARIO ESCALAS DE VALORACIÓN	▪ CSIEE
	▪ EFB1.4.2. Identifica as lesións máis frecuentes derivadas da práctica de	Cóñece os principais accidentes deportivos, domésticos e no medio natural e os seus primeiros		X		EXAME TEÓRICO	▪ CSIEE

	actividade física.	auxilios.					
	▪ EFB1.4.3. Describe os protocolos que deben seguirse ante as lesións, os accidentes ou as situacións de emerxencia máis frecuentes producidas durante a práctica de actividades físico-deportivas.	Coñece os protocolos de actuación ante accidentes deportivos, domésticos e no medio natural.		X		EXAME TEÓRICO	▪ CSIEE
B1.5.	▪ EFB1.5.1. Fundamenta os seus puntos de vista ou as súas achegas nos traballos de grupo, e admite a posibilidade de cambio fronte a outros argumentos válidos.	Admite a posibilidade de cambio fronte a outros argumentos válidos.			X	REXISTRO ANECDOTARIO ESCALAS DE VALORACIÓN	▪ CSC
	▪ EFB1.5.2. Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras nos traballos en grupo.	Valora e respeta as achegas dos seus compañeiros			X	REXISTRO ANECDOTARIO ESCALAS DE VALORACIÓN	▪ CSC
	▪ EFB1.6.1. Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	Busca información empregando recursos tecnolóxicos	X			PORFOLIO	▪ CD ▪ CCL
	▪ EFB1.6.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.	Afonda na información empregando recursos tecnolóxicos	X	X	X	PORFOLIO	▪ CD ▪ CCL
	▪ EFB1.6.3. Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados.	Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados.	X			REXISTRO ANECDOTARIO ESCALAS DE VALORACIÓN	▪ CD ▪ CCL

TEMPORALIZACIÓN, INDICADOR DE LOGRO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

4º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA							
CRITERIO AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	INDICADOR DE LOGRO	T1	T2	T3	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	CC
	▪ EFB2.1.1. Elabora composicións de carácter artístico-expresivo, seleccionando os elementos de execución e as técnicas máis apropiadas para o obxectivo previsto,	Coñece os elementos técnicos, competitivos e de seguridade implícitos na práctica do acrosport. Prepara e executa composición de acrosport			X	EXAME TEÓRICO PROBA DE EXECUCIÓN	▪ CCEC

B2.1.	incidindo especialmente na creatividade e na desinhibición.	empregando os elementos vistos na aula de xeito artístico e desinibido				MOTRIZ	
	▪ EFB2.1.2. Axusta as súas accións á intencionalidade das montaxes artístico-expresivas, combinando os compoñentes espaciais, temporais e, de ser o caso, de interacción coas demais persoas.	Axusta as súas accións aos aspectos espacio-temporais e a execución dos seus compañeiros			X	PROBA DE EXECUCIÓN MOTRIZ	▪ CCEC
	▪ EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización das montaxes artístico-expresivas, achegando e aceptando propostas.	Deseña xunto aos seus compañeiros unha coreografía de acrosport.			X	PROBA DE EXECUCIÓN MOTRIZ PORFOLIO	▪ CCEC
B3.1	▪ EFB3.1.1. Demostra coñecementos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde individual e colectiva.	Coñece as características dos métodos de adestramento da resistencia.	X			EXAME TEÓRICO	▪ CMCCT
	▪ EFB3.1.2. Relaciona exercicios de tonificación e flexibilización coa compensación dos efectos provocados polas actitudes posturais inadecuadas máis frecuentes.	Coñece as características do crossfit coma deporte e os aspectos técnicos e de corrección postural implicados no mesmo		X		EXAME TEÓRICO	▪ CMCCT
	▪ EFB3.1.3. Relaciona hábitos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos seus efectos na condición física e a saúde.	Reflexiona sobre os hábitos nocivos contrarios á saúde	X			EXAME TEÓRICO	▪ CMCCT
	▪ EFB3.1.4. Valora as necesidades de alimentos e de hidratación para a realización de diferentes tipos de actividade física.	Cumpre coas necesidades de alimentación e hidratación durante a práctica.	X	X	X	REXISTRO ANECDOTARIO ESCALAS DE VALORACIÓN	▪ CMCCT
B3.2.	▪ EFB3.2.1. Valora o grao de implicación das capacidades físicas na realización dos tipos	Coñece os tipos de resistencia e a súa manifestación nas actividades físico deportivas	X			EXAME TEÓRICO	▪ CMCCT

TEMPORALIZACIÓN, INDICADOR DE LOGRO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

	4º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA						
CRITERIO						INSTRUMENTO DE	

AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	INDICADOR DE LOGRO	T1	T2	T3	AVALIACIÓN	CC
	de actividade física.						
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.2. Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida. 	<p>Realiza actividades de resistencia para mellorar a súa condición física</p> <p>Realiza actividades de forza e flexibilidade para mellorar a súa condición física</p>	X	X		<p>REXISTRO ANECDOTARIO</p> <p>ESCALAS DE VALORACIÓN</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.3. Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades. 	<p>Acada rendementos acordes coa súa saúde nas probas físicas</p> <p>Acada niveis de resistencia aceptables para a súa idade.</p> <p>Realiza rutinas de crossfit acadando rendementos acordes coa súa idade</p>	X	X	X	<p>TEST FÍSICOS</p> <p>PROBAS DE EXECUCIÓN</p> <p>MOTRIZ</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.4. Valora a súa aptitude física nas súas dimensións anatómica, fisiolóxica e motriz, relacionándoas coa saúde. 	<p>Aplica os baremos sobre os seus resultados físicos de xeito correcto.</p>	X			<p>PORFOLIO</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
B4.1.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.1. Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características. 	<p>Realiza os xeitos técnicos de xeito correcto e previndo lesións</p>	X	X	X	<p>PROBA DE EXECUCIÓN</p> <p>MOTRIZ</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.2. Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas. 	<p>Aplica a técnica individual a situacións de xogo</p>	X	X	X	<p>PROBA DE EXECUCIÓN</p> <p>MOTRIZ</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.3. Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva. 	<p>Participa en situacións xogadas tendo en conta as condicións de seguridade.</p>	X	X	X	<p>PROBA DE EXECUCIÓN</p> <p>MOTRIZ</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
B4.2.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.1. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria. 	<p>Aplica a técnica e a táctica individual ás situacións de xogo</p>	X	X	X	<p>PROBA DE EXECUCIÓN</p> <p>MOTRIZ</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.2. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades 	<p>Aplica a técnica e a táctica individual ás situacións de xogo</p>	X	X	X	<p>PROBA DE EXECUCIÓN</p> <p>MOTRIZ</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA

TEMPORALIZACIÓN, INDICADOR DE LOGRO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

4º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA							
CRITERIO AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	INDICADOR DE LOGRO	T1	T2	T3	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	CC
	de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes.						▪ CSIEE
	▪ EFB4.2.3. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario.	Aplica a técnica e a táctica individual ás situacións de xogo	X	X	X	PROBA DE EXECUCIÓN MOTRIZ	▪ CAA ▪ CSIEE
	▪ EFB4.2.4. Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións.	Aplica a técnica e a táctica individual ás situacións de xogo	X	X	X	PROBA DE EXECUCIÓN MOTRIZ	▪ CAA ▪ CSIEE
	▪ EFB4.2.5. Xustifica as decisións tomadas na práctica das actividades e recoñece os procesos que están implicados nelas.	Xustifica a súa toma de decisión	X			REXISTRO ANECDOTARIO ESCALAS DE VALORACIÓN	▪ CAA ▪ CSIEE
	▪ EFB4.2.6. Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de cada participante e os factores presentes no contorno.	Cofece os aspectos técnicos, tácticos e regulamentarios do voleibol. Do balonman e do tenis.	X	X	X	EXAME TEÓRICO	▪ CAA ▪ CSIEE
B4.3.	▪ EFB4.3.1. Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel.	Mostra actitudes positivas cara a actividade física	X			PORFOLIO	▪ CSC ▪ CMCCT
	▪ EFB4.3.2. Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida.	Manifesta actitudes contrarias ao sedentarismo	X			PORFOLIO	▪ CSC ▪ CMCCT
	▪ EFB4.3.3. Demostra hábitos e actitudes de conservación e protección ambiental.	Respecta a contorna onde se realiza a práctica		X	X	REXISTRO ANECDOTARIO ESCALAS DE VALORACIÓN	▪ CSC ▪ CMCCT